Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 4 de xullo de 2024

(Impulso: 6 PNC)

[PLG/MCPP]

Na sala de comisións "Otero Pedrayo" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **4 de xullo de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:
Noelia Pérez López (P)
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle (P)
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos (BNG)
(Secretaria)
Vogais:
Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Patricia García González
(en substitución de Cecilia Vázquez Suárez)
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Nicole Grueira Fernández)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Xosé Luís Bará Torres
(en substitución de María Montserrat Prado Cores)
Ariadna Fernández González
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
María Elena Espinosa Mangana
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
Lara Méndez López (S)
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)

Letrada:
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A señora presidenta abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución, así como as pertinentes substitucións. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día e pásase ao debate da primeira iniciativa; no entanto, a secretaria abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento de Cámara.

Punto Único. Proposicións non de lei

1.1 2886 (12/PNC-000363)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade, concello de Soutomaior, no referido ao cadro de persoal médico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 22f1, do 08.05.2024

A señora presidenta concédelle a palabra ao señor Bará Torres (BNG), quen procede á formulación e defensa desta proposición non de lei que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe adoptar co obxecto de mellorar a dotación do Centro de Saúde de Arcade (Soutomaior).

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar o seu posicionamento fan uso da palabra as señoras: Espinosa Mangana (S) e Hermelo Piñeiro (P); ambas intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento favorable da voceira do G.P. dos Socialistas de Galicia, mentres que a voceira do G.P. Popular de Galicia, amosa os motivos do seu rexeitamento. Nesta rolda de intervencións o señor Ojea Bouzo (M), declinou a súa intervención.

Na rolda de puntualizacións o señor Bará Torres (BNG) non concorda coas argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta, á vez que agradece o apoio manifestado polo G.P. dos Socialistas de Galicia

A seguir, pásase ao debate da segunda iniciativa:

1.2 3909 (12/PNC-000487)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat
Sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe levar a cabo respecto da situación material e da dotación profesional do Centro de Saúde de Santa Comba
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 28 f1, do 22.05.2024

A Presidencia, previamente, comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de substitución polo G.P. Popular de Galicia, doc. 6621, e deseguido, concédelle a palabra á señora Carreira Pazos (BNG), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as actuacións que debe levar a cabo respecto da situación do Centro de Saúde de Santa Comba.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Amigo Díaz (P), quen, logo de expoñer as súas argumentacións ao respecto, amosa os motivos polos que o seu grupo presentou unha emenda de substitución, que espera se teña en conta e poder chegar a consenso co grupo propoñente.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouza (M) declina a súa intervención e fai uso da palabra a señora Espinosa Mangana (S), quen expón diversas consideracións a respecto da proposta formulada motivando a abstención de voto do seu grupo nos puntos 1, 2 e 3 e favorable ao punto 4, polo que solicita a votación por separado do texto resolutivo.

Na rolda de puntualizacións a señora Carreira Pazos (BNG), logo de comentar as argumentacións das anteriores intervenientes, propón unha transacción consistente en substituír o punto 3 da iniciativa polo punto 2 da emenda do G.P. Popular de Galicia (doc. 6621) e a aceptación da votación separada por puntos.

A continuación, pásase ao debate da terceira iniciativa:

1.3 5074 (12/PNC-000613)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis
Sobre o traballo que debe levar adiante o Goberno galego co fin de seguir impulsando os seus proxectos e compromisos en materia de saúde mental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f1, do 05.06.2024

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 6619) e deseguido concédelle a palabra á señora Amigo Díaz (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso en materia de saúde mental.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén a señora Espinosa Mangana (S), en defensa da emenda de adición do seu grupo que espera sexa aceptada polo grupo propoñente, se é o caso, de non se aceptar anuncia a abstención do seu grupo (No decurso da súa intervención incorpórase á sesión o deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e auséntase da sesión o señor Bará Torres).

PARLAMENTO DE GALICIA

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención e fai uso da palabra a señora Carreira Pazos (BNG), que motiva a abstención do seu grupo.

Na rolda de puntualizacións a señora Amigo Díaz (P) comenta as argumentacións das anteriores intervencións, insiste na defensa da súa proposta e comunica que non acepta a emenda de adición do G.P. dos Socialistas de Galicia (No decurso da súa intervención a presidenta abandona o seu lugar da Mesa da Comisión, de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara e ocupa o seu lugar a vicepresidenta da Comisión, Ethel María Vázquez Mourelle).

A seguir, pásase ao debate da cuarta iniciativa:

1.4 5771 (12/PNC-000693)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre as demandas dirixidas ao Goberno galego en relación co proxecto de rehabilitación integral da Praza de Abastos número 1 e a súa contorna na cidade de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 40f1, do 19.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra á señora Rodríguez Dacosta (S), quen procede á defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego a que adopte as medidas oportunas sobre o proxecto de rehabilitación integral da Praza de Abastos, 1 e a súa contorna na cidade de Ourense.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que aberta a rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición, fan uso da palabra: o señor Ojea Bouzo (M), o señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) e a señora Pérez López (P); ambos intervenientes deixan constancia das súas argumentacións ao respecto co pronunciamento en contra da proposta (No decurso da intervención do señor Tabarés -BNG-, incorpórase á sesión a deputada, Lara Méndez López -S- e auséntase da sesión a súa compañeira, a señora Espinosa Mangana).

Na rolda de puntualizacións a señora Rodríguez Dacosta (S) expón diferentes consideracións a respecto das manifestacións expostas pola voceira do grupo maioritario e insiste na defensa da súa proposta (ao remate da súa intervención a señora presidenta ocupa de novo o seu lugar na Mesa da Comisión).

Deseguido, pásase ao debate da quinta iniciativa:

1.5 5798 (12/PNC-000696)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e 2 máis
Sobre as accións que debe poñer en marcha o Goberno galego para

PARLAMENTO DE GALICIA

reducir as listas de espera na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43 f1, do 26.06.2024

Previamente, a señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda de adición polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 6616). Acto seguido, concédelle a palabra á señora Méndez López (S), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso que insta o Goberno galego sobre as medidas que debe levar a cabo para reducir as listas de espera na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

Na rolda do grupo parlamentario emendante, intervén a señora Rodil Fernández (BNG) quen, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, se pronuncia a favor da mesma e amosa os motivos da súa emenda de adición.

Na rolda dos grupos parlamentarios non emendantes, o señor Ojea Bouzo (M) non fai uso da súa rolda e intervén a señora Amigo Díaz (P), quen expón diferentes consideracións a respecto das anteriores intervencións co pronunciamento en contra á proposta formulada.

Na rolda de puntualizacións, a señora Méndez López (S) comenta diversas consideracións a respecto das argumentacións expostas pola voceira do grupo maioritario e amosa os motivos polos que non acepta a emenda de adición do G.P. do BNG.

A continuación, pásase ao debate da sexta iniciativa:

1.6 5902 (12/PNC-000709)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 7 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que aumente a cobertura do programa Xantar na Casa a un maior número de beneficiarios
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A señora presidenta, logo que comunicar que a esta proposición non de lei se presentaron dúas emendas: unha de adición polo G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. 6620) e outra de substitución polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. 6617), concédelle a palabra á señora Arias Rodríguez (P), quen procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación dos argumentos que dela se fan por escrito e que aparecen publicados no BOPG que anteriormente se refire.

Na rolda dos grupos parlamentarios emendantes, intervén, en primeiro lugar, a señora Espinosa Mangana (S), quen, logo de expoñer diversas consideracións a respecto da proposta formulada, amosa os motivos da súa emenda de adición, que defende.

PARLAMENTO DE GALICIA

En segundo lugar, intervén a señora Rodil Fernández (BNG), quen explica o sentido da emenda presentada polo seu grupo, que agarda se teña en consideración polo grupo propoñente.

Na rolda do grupo parlamentario non emendante o señor Ojea Bouzo (M) declinou a súa intervención.

Na rolda de puntualizacións a señora Arias Rodríguez (P) comenta as argumentacións expostas polas anteriores intervenientes e non acepta as emendas presentadas.

Ao esgotarse o debate das iniciativas, a señora presidenta dá paso ao trámite das votacións pola orde na que figuran na convocatoria e cos resultados que se reflicten a seguir:

1) Iniciativa **doc. 2886 (12/PNC-000363), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 0

2) Iniciativa **doc. 3909 (12/PNC-000487), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego**; sométese a votación separada por puntos o texto transaccionado acadado co resultado seguinte:

-Punto 1º, que resulta **rexeitado** por:

. votos a favor ..... 6 (GG.PP. BNG+ M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións..... 2 (G.P. S)

-Punto 2º –que se corresponde co texto do punto 2º da emenda do G.P. Popular de Galicia, doc. 6621–, resulta **aprobado** por:

. votos a favor ..... 15 (GG.PP. P+BNG+ M)
. votos en contra..... 0
. abstencións..... 2 (G.P. S)

-Punto 3º, que resulta **aprobado** por:

. votos a favor ..... 15 (GG.PP. P+BNG+ M)
. votos en contra..... 0
. abstencións..... 2 (G.P. S)

-Punto 4º, que resulta **rexeitado** por:

PARLAMENTO DE GALICIA

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións.. 0

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Acordar co Concello de Santa Comba, no prazo máis breve posible, os termos de uso das instalacións municipais para a realización das clases de preparación ao parto garantindo o seu desenvolvemento nun espazo digno e que responda ás necesidades de pacientes e profesionais.

2º. Acordar a sinatura dun convenio a través do cal acometer as obras oportunas para solucionar as deficiencias do centro.»

3) Iniciativa **doc. 5074 (12/PNC-000613), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 10 (GG.PP. P+M)
. votos en contra..... 0
. abstencións..... 7 (GG.PP. BNG+S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º. Seguir traballando no eido da saúde mental, cumprindo o seu compromiso de desenvolver un novo plan nesta materia, como oportunidade para avanzar no fortalecemento da nosa saúde pública, actualizar os nosos programas e intervencións e dotar de recursos para o seu desenvolvemento.

2º. Continuar co desenvolvemento de proxectos psicoeducativos entre a mocidade galega, impulsando recursos e programas que dean resposta ás características específicas médicas e psicosociais daqueles que a idades temperás presentan un trastorno mental ou un risco de padecelo.»

4) Iniciativa **doc. 5771 (12/PNC-000693), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 2 (GP. S)
. votos en contra..... 10 (GG.PP. P+M)
. abstencións..... 5 (GP. BNG)

PARLAMENTO DE GALICIA

5) Iniciativa **doc. 5798 (12/PNC-000696), do G.P. dos Socialistas de Galicia**; sométese a votación e resulta **rexeitada** por:

. votos a favor ..... 8 (GG.PP. BNG+S+M)
. votos en contra..... 9 (G.P. P)
. abstencións.. 0

6) Iniciativa **doc. 5902 (12/PNC-000709), do G.P. Popular de Galicia**; sométese a votación e resulta **aprobada** sen modificacións por:

. votos a favor ..... 15 (GG.PP. P+BNG+M)
. votos en contra..... 0
. abstencións..... ..2 (G.P. S)

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que continúe estendendo o programa Xantar na Casa para que un maior número de galegos poidan beneficiarse del.»

Remata a sesión ás 13:25 horas.

Noelia Pérez López
Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.01 12:09:59 +02'00'

Noelia Pérez López
Presidenta da Comisión

Iria Carreira Pazos
Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2024.10.01 10:22:53 +02'00'

Iria Carreira Pazos
Secretaria da Comisión